

UD 1

A orixe do cosmos na corrente presocrática

1.- Introducción

Existe un acordo en sinalar ca filosofía xorde na Antiga Grecia cos chamados **filósofos presocráticos**. Este é un pensamento claramente nesgado e que responde a un pensamento occidental e a un tipo determinado de usar a razón (**o logos**) que, en absoluto, é exhaustivo. Igualmente, toda a historia da filosofía que estudaremos este curso, é única e exclusivamente “filosofía de occidente” (dende Grecia cara ao oeste) esquecéndonos de calquera outra maneira de pensar. Isto chámase **etnocentrismo filosófico** e responde ao predominio do home branco e a unha determinada “ideoloxía”. Filósofos como Nietzsche, Marx ou Maria Zambrano reivindicarán, moitos séculos despois, outra maneira de pensar.

Dito isto, temos un acordo en considerar que, os pensadores independentes que viviron entre os séculos VII e V a.e., foron os primeiros filósofos porque trataron de explicar a orixe e configuración do mundo usando a **razón** (logos) e non a través de explicacións mitolóxicas. Reciben o nome de “presocráticos” non porque todos sexan anteriores cronoloxicamente a Sócrates; de feito Sócrates vive no século V e é contemporáneo de Demócrito (filósofo atomista considerado presocrático); senón porque os temas e a forma dos seus pensamentos manteñen unha coherencia e versan sobre a **investigación sobre a orixe e funcionamento da natureza ou do kosmos**, unha temática que desaparecerá a partir de Sócrates..

Porque a filosofía xorde concretamente en Grecia e non en outra parte? Existen distintas hipóteses pero a máis estendida é a situación socio-política e histórica da Antiga Grecia que fixo posible esa reflexión libre sobre o entorno. Por unha parte a **relixión** grega non era unha relixión dogmática que obrigase aos cidadáns a pensar dunha determinada maneira, eran máis ben un conxunto de prácticas esóxenas que permitía a liberdade de pensamento da cidadanía. Por outra, durante os séculos VII e VI a.e., Grecia sufriu unha espectacular transformación socioeconómica: desenvolveu unha gran **actividade comercial** por todo o Mediterráneo establecendo colonias en Asia Menor e no sur de Italia (á que chamaron a Magna Grecia), que supuxo unha **mestizaxe cultural** e a conseguinte **riqueza cultural**. Isto facilita uns **cambios sociais**: xorde unha nova clase de comerciantes e artesáns que se opoñen á concentración dos terratenentes e aos privilexios que iso supoñía. A riqueza trae aumento dos núcleos de poboación e isto a necesidade dunha organización política cada vez máis complexa. No referente a esa **organización política**, Grecia estruturouse en cidades-estado autónomas (chamadas **polis**), soberanas e democráticas: foron os inventores da democracia, os creadores das primeiras **lexislacións** e **constitucións** coa intención de dar unha resposta xusta e racional as necesidades da organización social.

Pero como dicíamos, estes primeiros filósofos non reflexionaron sobre a organización social e as leis que a deberían rexer. Os seus pensamentos foron en torna á natureza (**physis**): cal é a orixe ou primeiro principio do mundo físico (**o arqhé**). Esta procura da orixe refírese tanto ao orixe material

das cousas (de que está feito e de onde ven) como de cal é a súa razón de ser (por que existe e se ten algunha intencionalidade ou obxectivo). Por tanto podemos dicir que os presocráticos buscan a orixe e explicación do universo: de onde ven, como se conforma, como se pasa da unidade do *arqhé* á multiplicidade da *physis* e porque as cousas cambian (é dicir como explicar o movemento). Os primeiros filósofos son logo, os primeiros físicos, astrónomos e matemáticos.

2.- As Escolas presocráticas

Aínda que falemos de presocráticos como unha unidade, entre eles existen notables diferenzas. Iso fai que podamos abordalos dende distintos puntos de vista: cronolóxicamente, por escolas xeográficas ou por ser monistas, dualistas ou pluralistas na súa explicación do universo. A continuación os expoñemos por escolas aínda que tamén faremos alusión ao orde cronolóxico e á temática.

2.1.- Os filósofos xonios

Os filósofos xonios son cronolóxicamente os primeiros. Viviron nunha colonia grega na cidade de Mileto na costa de Asia Menor (actual Turquía) nunha zoa chamada Xonia. Consideramos xonios a tres filósofos sucesivos da mesma escola: Tales, Anaximandro e Anaxímenes. Os tres son **monistas** porque para eles o *arqhé*, o é unha soa cousa e a través dela intentan explicar a pluralidade do universo.

Tales: é considerado o primeiro filósofo. Para el a orixe do universo é a **auga**. Tales consideraba que a vida estaba ligada á humidade mentres que a desecación asociábase ca morte. Toda a natureza está penetrada por ese principio de humidade: na natureza todo está cheo de auga e por tanto todo está cheo de vida. Pero como se conforma o kosmos dende a auga? O universo vai formándose polos distintos cambios de estado da auga (evaporación, solidificación, sublimación ou rarefacción). O movemento, o cambio de unhas cousas a outras (o que aparece e desaparece), explícase polos cambios de estado da auga. Tales defendeu tamén, o **hilozoísmo** unha teoría que pensa que a materia non é inerte senón que ten enerxía propia orixe da vida; non hai materia sen enerxía nin enerxía sen materia. Este é un pensamento que compartirán tódolos xonios. Por iso dicimos que son **materialistas** e **unicistas**.

Anaximandro: discípulo de Tales propuxo un *arqhé* máis abstracto pero que non deixa de ser físico, así que non escapamos do materialismo. O universo deriva dun elemento indeterminado chamado **ápeiron** que ten unha natureza infinita e indefinida (sen límites). Dese principio indeterminado nacerían os catro elementos dos que está formada toda a natureza (determinación) e ao que volveran en algún momento (indeterminación). Sinalar que a pesares do grado de abstracción do ápeiron temos que entendelo como unha premateria e por tanto formando parte do mundo material.

Anaxímenes: discípulo do anterior, pensa que o *arqhé* é o **aire**. Anaxímenes pensaba que a nosa alma componse de aire: o aire entra e sae do noso corpo e nese movemento dáse a vida; por tanto tamén a alma do kosmos estaba insuflada por aire. A súa explicación do universo é menos abstracta que a do seu mestre: o universo determinábase en función dos cambios de estado do

aire; o aire ao arrefriarse condénsase e convértese en auga e logo en terra, e se se rarifica quéntase e convértese en lume. A conformación do universo e os cambios que se observan nel son froito dos cambios de estado do aire.

2.2.- Os pitagóricos

Os pitagóricos son, sen dúbida, un paso máis no pensamento abstracto. Considerados unha especie de seita filosófica, relixiosa e política, viviron en comunidade ao sur de Italia, na Magna Grecia. Deben o seu nome ao seu primeiro líder, Pitágoras, aínda que tiveron continuidade moito máis aló da morte do líder. Foron grandes matemáticos e tamén músicos (consideraban a harmonía do Universo unha combinación numérica). Os pitagóricos crían que existía unha regularidade numérica na natureza: existían ciclos numéricos (os anos, as estacións, os días, os ciclos biolóxicos e de xestión, etc); o Universo tiña un son, unha harmonía musical que podía traducirse en magnitudes numéricas. De algunha maneira estaban xa convencidos de que “a natureza estaba escrita en linguaxe matemática” e que entender a matemática faríalles comprensible o universo. (un pensamento que volverá aparecer no século XVII). Por tanto podemos dicir que para os pitagóricos o *arqhé* era o **número** (entendido como a proporción entre as cousas). O universo é o despregue desas proporcións e relacións; por tanto son un pouco menos materialistas que os xonios. Como todo o explican pola loita e oposición de contrarios podemos dicir que son tamén, **dualistas**.

2.3.- Heráclito

Pertence a Escola de Éfeso na costa Turca. Conservamos só restos da obra escrita por este pensador; parece que escribía **aforismos** (frases curtas) de difícil comprensión polo que recibiu o alcume de “Heráclito o escuro”. Heráclito declara que na natureza só hai cambio constante, devenir das cousas, todo muda, nada se mantén; por eso sinala que o único que pervive é o **fluxo** o devir. Sinala que a natureza é unha continua loita de contrarios que opóñense constantemente e devóranse entre eles (“a guerra é o pai de tódalas cousas”). Todo flúe, nada permanece; non existe ningunha sustancia que recibe os cambios, os cambios son a realidade. Heráclito ten moitas metáforas para expresar o seu pensamento: “nunca poderás bañarte dúas veces no mesmo río”. O pensamento de Heráclito é fundamental para entender Platón, a filosofía de Hegel (filósofo idealista do século XIX), e por suposto a de Nietzsche (século XIX).

O *arqhé* de Heráclito é o **lume** que todo o devora, todo o consume e fai que todo se converta noutra cousa. Como o *arqhé* é só un, podemos dicir que Heráclito é **monista**.

2.4.- Parménides

O pensamento de Parménides é antagónico ao de Heráclito, cando menos aparentemente. Pertence a Escola de Elea (sur de Italia) e podemos consideralo o primeiro metafísico aínda co seu pensamento non está de todo libre de materia. Acepta que na natureza todo cambia e nada permanece pero iso sucede porque miramos cos ollos dos nosos sentidos e os nosos sentidos son enganosos e non debemos fiarnos deles. A auténtica verdade coñécese só a través da razón. Por tanto estanos a expresar por primeira vez un tema totalmente recorrente na historia do

pensamento pero que é Parménides quen o formula por primeira vez: o ser humano ten dúas vías de coñecemento, os **sentidos** e a **razón**. E non só os formula senón que opta claramente por un deles, abrindo a porta a que a filosofía convértase en metafísica.

Na súa obra principal parcialmente conservada, **O Poema**, fala de dous camiños para coñecer: o camiño da verdade e o camiño da opinión. O camiño da verdade é o camiño de “**o Ser é e o non-Ser non é**” e é o único camiño que nos leva á verdade; é o camiño que “ve” o que persiste por debaixo das aparencias cambiantes. En cambio, o camiño da opinión, é o camiño de “**o Ser non é e o non-Ser é**” é o camiño dos cambios constantes, das cousas que pasan e non permanecen; este é o camiño da confusión e da perdición que coñece só aparencias e superficialidades; é un camiño do que nunca se pode saír. O pensamento parmenidiano é a base do pensamento platónico.

O arqhé de Parménides é o **Ser**. Pero que é o Ser? O Ser é o conxunto da realidade, o que existe, o que sempre existiu e sempre existirá. O Ser é todo e por tanto non se pode saír del. O ser ocupa toda a realidade. O non-Ser non existe nin pode ser pensado. Para entender isto debemos esquecermos do que din os nosos sentidos: que as cousas son e despois non son e outras veñen a ser (e dicir que existe o Ser e o non-Ser, e que de un pódese pasar ao outro), e mirar só cos “ollos da razón”. Os cambios son só aparencia pero o Ser nunca deixa de ser senón que persiste aos cambios. O Ser é inmóbil, inmutable, eterno, redondo e perfecto; é Un e único. Nada existe fora do Ser. Parménides tamén é monista xa que o seu *arqhé* é o Ser.

A consecuencia máis importante do pensamento de Parménides é a negación do movemento: se todo é Ser, todo sucede dentro do Ser e non hai cambio. Xusto o contrario do que dicía Heráclito.

Á escola eleatía pertence tamén o discípulo máis importante de Parménides, Zenón que, como o seu mestre, adicouse a intentar demostrar a imposibilidade do cambio e do movemento. Son famosos os seus **paradoxos** como o de “Aquiles e a tartaruga”.

2.5.- Os pluralistas

Parménides levou a filosofía clásica a un camiño sen saída ou falar dun Ser inmóbil e negar o movemento. Os filósofos posteriores terán que abrir a mira e intentarán explicar a realidade dende un *arqhé* multiple (que non é un só) por iso denominámoslos os pluralistas.

Empédocles: nacido en Agrigento (Sicilia) pensou que todo estaba composto por catro elementos ou “raíces”: a terra, a auga, o lume e o aire. Estes elementos combinábanse entre eles dando paso á multiplicidade da natureza. Pero os pluralistas xa non son hilozoistas, así que terán que buscar unha forza que mova a materia. Xunta a estes catro elementos conformadores (a materia) existían dúas forzas que facían que os elementos se uniran ou separaran combinándose entre eles e conformando as distintas cousas; eran o amor e o odio. Por amor os elementos uníanse e aparecían os corpos e por odio separábanse e desaparecían ou mudaban. Así queda restablecido o movemento. O **hilozoismo** dos primeiros xonios está perdendo peso: a materia xa non ten vida por ela mesma senón que precisa o impulso dunhas forzas externas.

Anaxágoras: tamén pensa que é necesario un *arqhé* múltiple para explicar a natureza pero as explicacións de Empédocles parécenlle demasiado sinxelas (“*como pode ser que do pan que*

comemos xurda a carne, os ósos, o pelo ..." ; estase a preguntar pola conformación do universo e pola evolución/cambio das cousas). A súa teoría está baseada nunhas partículas diminutas ás que chama **homehomerías** (sementes). A pesares do seu tamaño diminuto, as homehomerías son materia e cada fragmento de materia contén sementes de todas as cousas (cada cousa posúe máis homehomerías do que é pero tamén ten de todo o demais). Así a diferenciación entre as cousas (o feito de ser unha cousa ou outra) ven dado polo tipo de homehomería que teña en maioría. A teoría de Anaxágoras abre a porta a un problema iniciado por Empédocles pero que el magnifica: se as homeomerías son materia inerte, que as move? Que as impulsa a unirse ou separarse? A súa resposta é unha especie de **intelixencia cósmica** allea á materia á que chama **Nous** que **é a orixe do concepto de Deus** entendido como intelixencia que ven de fora da materia, que ten unha intencionalidade (é dicir que penetra a materia con un obxectivo) e que goberna o universo.

Os atomistas (Leucipo e Demócrito): non está moi clara a diferenza entre as dúas teorías. Leucipo é de Mileto pero trasládase a Elea, e Demócrito foi o seu discípulo. Ambos os dous pensaban que o universo estaba formado por unha infinidade de partículas materiais e imposibles de ver a simple vista que eran os átomos. Os átomos podían combinarse de maneiras infinitas dando paso a todas as cousas do universo. Esta unión non era eterna e por tanto cando os átomos se separaban e uníanse a outros, as cousas mudaban e deixaban de ser e configurábanse outras. Demócrito defendeu que estes átomos movíanse única e exclusivamente por **azar**. Neste movemento errático e sen finalidade algunha, chocaban entre si dando lugar ás cousas. Isto é moi importante porque con este pensamento eliminan a necesidade de unha forza exterior (unha intelixencia) que mova as partículas e dalles sentido e obxectivo. A palabra átomo significaba "indivisible" porque era a partícula máis pequena na que podía dividirse a materia. Os átomos flotaban no **baleiro** (outra gran novidade dos atomistas xa que ata de agora os gregos non concibían o baleiro, non entendían un espazo que non estivera ocupado por materia) o que lles permitía moverse libremente e chocar entre eles

Con os atomistas, a filosofía vólvese a afastar da metafísica. Estamos ante os primeiros materialistas da historia: todo o que existe é materia, non hai nada espiritual, incluso a alma humana está composta de átomos e por tanto é materia. Queda tamén eliminada a necesidade de calquera tipo de deus. A modernidade dos atomistas é espectacular e haberá que dar un salto de 2 mil anos para que os científicos do século XVII volvan falar de átomos materiais movéndose por azar nun espazo baleiro.

3.- Conclusión

Os atomistas son os últimos presocráticos de feito son contemporáneos xa de Sócrates e dos sofistas. A evolución dende os xonios é moi grande e aínda así seguimos incluíndoos no grupo de presocráticos pola súa temática: a procura da orixe do cosmos. A partires de aquí, con Sócrates e os sofistas, as cousas cambian: xa sexa por esgotamento, por frustración ou por as necesidades dunha sociedade cada vez máis complexa, o interese dos pensadores pasa do cosmos á sociedade. A partires deste momento os pensadores falarán de epistemoloxía, de ética e de política dando paso á idade de ouro da filosofía clásica. Os filósofos deixan de ser físicos e pasan a ser sociólogos e

políticos. Pero os grandes sistemas filosóficos do período clásico, beben do pensamento destas primeiras escolas.